

## I+I=C (INNOVACION MÁIS INVESTIGACIÓN IGUAL A CALIDADE)

<i>Coordinador/a:</i>	<i>José Vicente Novogil Souto</i>
<i>Participantes:</i>	<i>Ana Pérez González</i> <i>Ángeles Saavedra González</i> <i>María Celia Rodríguez Campos</i> <i>Manuel Alfredo Mosquera Rodríguez</i> <i>Estela Sánchez Rodríguez</i> <i>María Gómez Rúa</i> <i>Leticia Lorenzo Picado</i> <i>Carlos Villaverde Taboada</i> <i>Jacobo de Uña Álvarez</i> <i>Juan Carlos Pardo Fernández</i> <i>María del Carmen Iglesias Pérez</i> <i>Javier Roca Pardiás</i> <i>Tomás R. Cotos Yáñez</i>

### Liñas de actuacións

---

O proceso de ensino-aprendizaxe (EA) está en constante cambio e adaptación, sendo necesario unha constante reformulación das didácticas empregadas.

Dentro destes cambios caben salientar:

- A introdución de novas tecnoloxías e metodoloxías (redes sociais, MOOC, *flipped learning*, *gamification* etc).
- O proceso de internacionalización dos estudos de grao e posgrao (Erasmus...).
- Máis heteroxeneidade do alumnado como centro do EA (avaliación, titorización por pares...)

As propostas innovadoras per se non teñen por que inserir melloras no proceso EA. Sendo así que toda proposta de innovación debería perseguir unha mellora da calidade. Avaliar esta mellora de calidade implica tamén un proceso investigador da propia experiencia docente, por parte do pdi.

O método básico deste proceso de innovación docente trátase desde a investigación-acción (investigación da súa práctica profesional docente). Deste xeito vincúlase o deseño da proposta de innovación coa práctica a través da investigación co obxectivo da mellora da calidade.

Tamén estas actuacións innovadoras deben enmarcarse nas seguintes liñas de actuación:

- Integración no EEES.
- Alumnado (información-orientación-formación).

- Recompilación de información.
- Integración na contorna.

Tendo en conta o anterior o GID I+I=C nace co interese de introducir melloras de calidade na docencia a través da innovación e investigación de diferentes experiencias no proceso de EA.

## Obxectivos

A experiencias das persoas profesionais é un dos alicerces nos que se asenta a mellora da calidade no proceso EA. Aproveitar a experiencia profesional dos recursos humanos da Universidade de Vigo é un xeito de inserir un proceso de mellora continua dentro do proceso de ensino-aprendizaxe.

Desde o departamento búscase promover o intercambio de experiencias de éxito e posteriormente a súa posta en práctica en diferentes materias nas que imparte docencia.

Os obxectivos do grupos son:

- Xeración dunha comunidade de práctica docente baseada na innovación.
- Estandarizar e mellorar a calidade dos procesos EA.
- Promover a reflexión sobre a práctica profesional docente.
- Facilitar a investigar das propostas de innovación: investigación-acción.
- Integrar a formación continua en base á experiencia innovadora de calidade.

## Plan de traballo

As diferentes innovacións docentes mediante accións de mellora da calidade (AMC) teñen coma base a experiencia profesional. Considéranse varias etapas principais para ir desenvolvendo as diferentes propostas innovadoras para a mellora da calidade.

- Exploración. Individualizada ou en grupos como experiencias piloto AMC.
- Formación. Posta en común e xeración de formación específica para diferentes AMC.
- Implantación. Posta en práctica cun protocolo que permita a investigación sobre a eficacia a ías AMC.
- Comunicación. Publicación-comunicación da evidencia científica obtida a través da investigación sobre as diferentes accións de innovación.

Cada profesor/a pode incorporarse e temporalizar as etapas de forma adaptada ás súas condicións específicas de docencia e investigación.

Accións propostas	Actividade/temporalización
Flipped learning	Exploración-formación: 15 de xuño 2016
Gamification	Implantación: 16 de decembro 2016
E-portfolio	
Ansiedade cara a estatística	
Construción e calibración de instrumentos de	

avaliación:

- Avaliación por pares.
- Rúbricas .
- Test.

---

Multilingüismo na docencia-aprendizaxe

---

Apoio TIC baseada en:

- PLE-Redes sociais
- LME (Moodle, MOOC)
- Para a docencia:
- Presencial
- B-learning
- E-learning
- M-learning